

12. UN MUNDO QUE SE VAI

A. Coñeces algunha profesión que xa non se desempeña? Le o seguinte texto acerca dalgúns traballos que xa se extinguiron ou que apenas se exercen. Coñecíalos todos?



Afiadores: eran as persoas encargadas de afiar calquera ferramenta cortante (tesoiras, coitelos...) e a miúdo exercían tamén de paraugueiros. Curiosamente, aínda que estenderon o seu labor por toda a península Ibérica a súa procedencia estaba moi localizada xeograficamente, xa que case todos proviñan da provincia de Ourense e, en concreto, do concello de Nogueira de Ramuín. Era unha profesión nómade e o seu instrumento de traballo era unha roda inserida nunha estrutura de madeira. Foron un colectivo moi solidario que incluso chegou a desenvolver unha xerga propia: o barallete. Eran inconfundibles cando chegaban a unha vila polo característico son do seu chifre, feito de madeira de buxo.



Naseiros: son as persoas que se dedican á fabricación de nasas ou que pescan con elas e, polo tanto, é unha ocupación propia das zonas marítimas. As nasas son instrumentos asociados á pesca de baixura e son moi aptas para a pesca do marisco, como as nécoras ou o polbo. Tanto quen faena con elas como quen as constrúe debe ter unha especial destreza. Para a construción de nasas é preciso ter unha grande habilidade artesanal, xa que son construídas con vimbio, barrotes de madeira ou arame. Son de forma cilíndrica e nunha base teñen unha abertura en forma de funil e na outra unha tapadeira para pechar.



Feirantes: coa perda de vigor das feiras, a ocupación de feirante tamén foi desaparecendo pouco a pouco, e foi substituída polos modernos gandeiros. Os feirantes dedicábanse á compravenda de gando nas feiras, aínda que por extensión o nome pasou a denominar a todos aqueles que comercializaban algún produto nas feiras. Os feirantes normalmente criaban o gando nas súas casas; con todo, os de maior potencial económico tiñan criadores aos que lles compraban as reses e, dado que estes se ocupaban da alimentación do animal, compartían os beneficios cando era vendido na feira.



Tecelás: en Galicia o labor de tecer era desempeñado exclusivamente por mulleres e, aínda que hoxe o seu traballo continúa en concellos da comarca de Bergantiños ou noutros como Chantada ou Viana do Bolo, o certo é que está case extinto. As tecelás traballaban o liño ou a la que inicialmente se dividía nunha serie de fíos paralelos entre si que ían ao longo do tear ata constituír un lenzo de 260 fíos. A partir de aí, a materia prima para a elaboración de colchas ou mantas xa estaba lista.

B. Agora comentade en parellas se coñecedes outras profesións que xa non se exerzan ou que apenas se desempeñen na actualidade.